



2021



Na procura da excelencia

Uxío Benítez
*Deputado de Espazo Público e
Movilidades Alternativas
Deputación de Pontevedra*



Cando creamos na Deputación a iniciativa Ágora impulsounos unha forte vontade rexeneradora, un desexo de cambio real nos nosos municipios, que non queren quedar á marxe das tendencias máis contemporáneas relacionadas coa xestión do espazo público e as novas mobilidades.

Coa Rede de Municipios organizamos unha estrutura capaz de recuperar espazos para as persoas, xa sexa en prazas, adros, rúas ou vías que comunican núcleos ou lugares nese continuo rururbano que caracteriza boa parte do noso territorio, recuperando a función central de certos espazos que foran embrutecidos ou descoidados.

A Facultade Ágora é un paso máis nesa dirección. Difundir o coñecemento máis audaz e habilitar a un bo número de profesionais e responsables políticos que están ou estarán ao servizo das administracións locais. Ofréceselles un conxunto de saberes que lles axudarán a ler cabalmente os problemas, buscar as mellores solucións e tomar as decisións máis intelixentes.

Para iso, conseguimos reunir un importante panel de autoridades de enorme prestixio. Elas ofrecerannos o mellor de si mesmas e axudarannos a que a nosa misión sexa máis efectiva e útil para conseguir o que buscamos: que os nosos espazos públicos, por pequenos ou grandes que sexan, teñan un elevado nivel de calidade e nos axuden a conquistar os importantes retos ambientais que temos por diante.



Formar persoal técnico e político

O obxectivo fundamental da Facultade Ágora é formar ao persoal municipal, tanto técnico como político, dos municipios asociados á Rede Ágora, así como a profesionais do sector da enxeñería e da arquitectura para alcanzar con éxito os obxectivos pretendidos pola Rede Ágora, coincidentes cos da Rede de Cidades que Camiñan.

Como obxectivos formativos particulares dirixidos ao alumnado establécense os seguintes:

- Coñecer e aprender os conceptos que sustentan os principios da Rede Ágora.
- Aprender coñecementos técnicos teóricos para a aplicación dos principios da Rede Ágora na xestión e a transformación física do espazo público.
- Consolidar a aprendizaxe dos coñecementos técnicos antes mencionados mediante a análise e as visitas comentadas a espazos públicos da provincia de Pontevedra considerados casos de boas prácticas.
- Participar no intercambio de ideas e a reflexión sobre a base conceptual e as solucións técnicas adoptadas en próximos proxectos de transformación do espazo público dos municipios da provincia.

O programa formativo

MÓDULO 1

O BO URBANISMO

- Espazo público como dereito
- Cidade dos 15' no territorio disperso
- Espazos amables, seguros e inclusivos

MÓDULO 2

A BOA MOBILIDADE

- As Persoas primeiro
- O tráfico necesario
- As mobilidades alternativas

MÓDULO 3

O MEDIO HABITABLE

- Hábitat sociable
- Hábitat saudable e biodiverso
- Hábitat xogable

MÓDULO 4

A ECONOMÍA SOSTIBLE

- Localidades atractivas
- Reactivación local
- Inclusión social

O programa formativo **MÓDULO 1**

O BO URBANISMO

Dimensións do espazo público: Urbanismo | Dereito | Gobernanza. 10 horas

Seminario 1. O espazo público como dereito

Principios Ágora. O espazo público é un dereito | As persoas primeiro

Conferencia 1. José Fariña

Conferencia 2. Salvador Rueda

Coloquio. César Mosquera, Alfonso Gil, Elena Biurrun

Aproximarémonos á relación entre a gobernanza e o espazo público: localizando os retos e as responsabilidades de cada quen. As funcións do espazo público e o seu papel dentro da ecoloxía urbana e as particularidades do territorio rururbano, desde unha perspectiva de planificación estratéxica. Falaremos tamén das resistencias que provocan estes procesos e as estratexias de comunicación que conveñen

Seminario 2. Cidade dos 15 minutos no territorio disperso

Principios Ágora. O espazo público é un dereito | As persoas primeiro | Actividades económicas de proximidade

Conferencia 1. Carlos Moreno

Conferencia 2. Isabela Velázquez

Conferencia 3. Rubén Camilo Lois

Relatorio de caso práctico. Responsable de proxecto local

Trataremos sobre os aspectos básicos do urbanismo camiñable: proximidade, densidade, diversidade de usos e servizos para relacionalos coa teoría das cidades 15', e veremos como aplicar esta filosofía ao territorio disperso, falando dos exemplos que nos sitúan máis perto desa teoría. Tamén falaremos dos aspectos básicos da lexislación para favorecer a proximidade e o aumento de densidade en contornos rurubanos, e como podemos apoiar eses procesos desde as ordenanzas e os plans.

Seminario 3. Espazos amables, seguros e inclusivos

Principios Ágora. Mobilidade inclusiva | Autonomía infantil | Espazos amables e de calidade

Conferencia 1. Pau Avellaneda

Conferencia 2. Izaskun Chinchilla

Conferencia 3. Mateus Porto

Unha sesión para definir as condicións que debe reunir un espazo amable, seguro e inclusivo, contraponendo as cidades que coidan fronte a cidades que expulsan. Repasar os aspectos técnicos dun espazo público pensado para as persoas: plataformas únicas, beirarrúas, pasos elevados, iluminación, anchura de carrís, materiais, vexetación... Decisións máis recomendables e outras menos.

O programa formativo **MÓDULO 2**

A BOA MOBILIDADE

Dimensións do espazo público: Urbanismo | Dereito | Gobernanza. 10 horas

Seminario 4. As persoas primeiro

Principios Ágora. As persoas primeiro | Mobilidade inclusiva | Espazos seguros

Conferencia 1. Pere Navarro

Conferencia 2. Ole Thorson

Relatorio de caso práctico. Responsable de proxecto local

Contrañoeremos dous conceptos non coincidentes: o de 'mobilidade' fronte ao de 'tráfico', para tocar de seguido temas como a velocidade 30, regulación bicis e VMP e os dereitos das persoas que camiñan. Visualizaremos os aspectos técnicos dun espazo público pensado para as persoas, con plataformas únicas, beirarrúas, pasos elevados, iluminación acaída, anchura de carrís, materiais, vexetación...

Seminario 5. O tráfico necesario

Principios Ágora. Espazos seguros | Hábitat saudable | Mobilidade sustentable

Conferencia 1. Fernando Nebot

Conferencia 2. Mercedes Llop

Conferencia 3. Daniel Macenlle

Relatorio de caso práctico. Responsable de proxecto local

Ocuparémonos de definir o concepto "tráfico necesario", e as medidas que deben adoitarse na cidade para restrinxir o tráfico innecesario. Aspectos sobre como regular os tráfico e o aparcamento de vehículos, o control das restricións e as ordenanzas específicas que se necesite elaborar para o éxito destas medidas.

Seminario 6. Mobilidades alternativas

Principios Ágora. Mobilidades alternativas | Espazos seguros | Mobilidade sustentable | Autonomía infantil

Conferencia 1. Alfonso Sanz

Conferencia 2. Paula Teles

Coloquio. Silvia Casorrán, Martín Barreiro, Fernando Nebot

Relatorio de caso práctico. Responsable de proxecto local

Versará sobre o papel de medios como a bicicleta, o transporte público e o transporte colectivo na recuperación do espazo público para as persoas. Relación coa autonomía infantil. Repasaremos os aspectos básicos das infraestruturas necesarias, a xestión e a regulación de bicicletas e transporte público, con especial atención ás condicións dos hábitats rururbanos.

O programa formativo **MÓDULO 3**

O MEDIO HABITABLE

Dimensións do espazo público: Urbanismo | Medio Ambiente | Socioloxía. 10 horas

Seminario 7. Hábitat sociable

Principios Ágora. As persoas primeiro | Hábitat saudable | Espazos amables e de calidade | Mobilidade inclusiva

Conferencia 1. Jan Gehl

Conferencia 2. María Ángeles Durán

Conferencia 3. Iwan Ban

Ponencia de caso práctico. Ángel González

Relatorio de dous casos prácticos. Responsables de dous proxectos locais

Tatará sobre a relación entre a humanización do espazo público e a mellora da cohesión social e o benestar da cidadanía, abordando os principais aspectos técnicos dun espazo público pensado para as persoas: plataformas únicas, beirarrúas, pasos elevados, iluminación, anchura de carrís, materiais, vexetación, mobiliario...

Seminario 8. Hábitat saudable e biodiverso

Principios Ágora. Hábitat saudable | Espazos amables e de calidade | Mobilidade sustentable

Conferencia 1. María Purificación Neira

Conferencia 2. Josep Selga

Coloquio. Adolfo Balóira Villar, Javier Gómez Noya, Isabel Aguirre de Úrcola

A importante relación entre a humanización do espazo público e a mellora da saúde e o medio ambiente será obxecto destas sesións, que se completarán co repaso práctico a experiencias locais que mostren esta relación entre o espazo público, a saúde e a biodiversidade

Seminario 9. Hábitat xogable

Principios Ágora. Hábitat saudable | Autonomía infantil | Espazos amables e de calidade | Mobilidade inclusiva

Conferencia 1. Francesco Tonucci

Conferencia 2. Marta Román

Conferencia 3. Ana Rosa Sánchez Vázquez

Relatorio de caso práctico. Responsable de proxecto local

O importante e decisivo papel da infancia no espazo público será abordado neste apartado, sobre a base de considerar o xogo libre como indicador de calidade. Tamén se tratará sobre contornas escolares como lugares prioritarios na recuperación do espazo público. Sempre na perspectiva de recuperar espazo para que os nenos e nenas poidan desenvolverse con autonomía, e todo o que leva consigo: o aspecto dun espazo xogable, as restricións aos tráfico, os mecanismos de control...

O programa formativo **MÓDULO 4**

A ECONOMÍA SUSTENTABLE

Dimensións do espazo público: Dereito | Socioloxía | Economía. 10 horas

Seminario 10. Localidades atractivas

Principios Ágora. Espazos amables e de calidade | Actividades económicas de proximidade | Mobilidade sustentable

Conferencia 1. José Luis García Delgado

Conferencia 2. María Rubert de Ventós

Conferencia 3. Jeff Speck

Relatorio de caso práctico. Responsable de proxecto local

Trata sobre a relación entre recuperación do espazo público e o concepto de cidades creativas, capaces de provocar a atracción de poboación e talento, así como a súa influencia sobre a demografía e a economía. Estudiarase un proxecto revulsivo para un concello o aumento de poboación e a mellora dos indicadores socio-económicos.

Seminario 11. Reactivación local

Principios Ágora. Espazos amables e de calidade | Actividades económicas de proximidade | Mobilidade sustentable | Mobilidades alternativas

Conferencia 1. Jaime Lerner

Conferencia 2. Màrius Navazo

Coloquio. Miguel Anxo Fernández Lores

Sobre as relacións entre a recuperación do espazo público e a reactivación de servizos esenciais como o comercio local, a oferta cultural ou as actividades deportivas, parándonos na análise de estratexias para favorecer estes ámbitos tan importantes das economías locais. Aprofundaremos na xestión do espazo público para o desenvolvemento destas actividades e a importancia de dotar de sentido e actividade ao espazo gañado ao coche.

Seminario 12. Inclusión social

Principios Ágora. Espazos amables e de calidade | Mobilidade inclusiva | Autonomía infantil | Mobilidade sustentable

Conferencia 1. Zaida Muxi

Conferencia 2. José María Ezquiaga

Conferencia 3. Anxo Queiruga Vila

Relatorio de caso práctico. Responsable de proxecto local

Abordaremos o cceso á cidade e a ampliación de oportunidades para grupos con maior risco de exclusión social: persoas maiores, con baixos recursos económicos, con discapacidade... Estudiaremos o urbanismo con perspectiva de xénero, así como os aspectos da accesibilidade universal, na perspectiva de lograr espazos para tod@s, unha atención acaída á infancia e a vellez, e as condicións óptimas de accesibilidade universal

O cadro docente proposto

Isabel Aguirre de Úrcola

Isabel Aguirre de Úrcola é arquitecta pola ETSA da Coruña e dirixiu a 'Escola Galega da Paisaxe' da Fundación Juana de Vega desde a súa creación en 2008 ata 2020. Máis de 25 anos na docencia e investigación. Foi Premio de Arquitectura 'Manuel de la Dehesa' en 1997 pola rehabilitación do Parque de Bonaval en Santiago, xunto a Álvaro Siza. É membro do Comité de Directores da Escola do European Council of Landscape Architecture Schools e expuxo a súa obra na Universidade de Harvard "Os 15 mellores Paisaxistas de Europa". Ademais, encargouse de parques como Oeste Vale/Grande e Parque Sur en Lisboa, e da Illa do Cobo ou das Esculturas en Pontevedra.



Pau Avellaneda García

Doutor en Xeografía pola Universidade Autónoma de Barcelona (UAB) está especializado en aspectos de mobilidade sostible e segura. É profesor de xeografía da Universidade Autónoma de Barcelona, onde imparte teoría sobre ordenación do territorio, mobilidade e transporte. Investiga no marco do Economic Geography Research Group e do Instituto de Estudos Rexionais e Metropolitanos de Barcelona. É un activo conferenciante internacional.





Iwan Baan

Fotógrafo holandés. Desafiou unha longa tradición de representar os edificios como illados e estáticos ao representar ás persoas na arquitectura e mostrar a contorna do edificio, tratando de "producir máis unha historia ou sentir un proxecto" e "comunicar como as persoas usan o espazo". Ten fotografado edificios de moitos dos arquitectos máis destacados do mundo, como Rem Koolhaas ou Toyo Ito. É un dos fotógrafos máis publicados do mundo e conta con numerosos premios internacionais que o convirten nun dos principais fotógrafos de espazos do mundo.



Adolfo Baloira Vilar

Médico xefe de pneumoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra, un dos 165 mellores médicos do estado, segundo a revista "Best Doctor Spain", de Forbes. Coordina a unidade de seguimento creada na área sanitaria de Pontevedra con motivo da pandemia por covid19. A súa carreira empeza hai máis de 25 anos coa licenciatura na USC e a súa especialización en Valdecilla. Tamén traballa en diversos programas de investigación na UVigo e é un destacado investigador sobre a enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC). Suma máis de 50 artigos sobre patoloxías respiratorias en diversas publicacións científicas.



O cadro docente proposto



Martín Barreiro Carreira

Físico pola Unviersidade de Santiago de Compostela, especialista en meteoroloxía, oceanografía e climatoloxía, experto en comunicación do cambio climático. Actualmente forma parte do equipo de meteoroloxía de RTVE e presenta os programas do tempo as fins de semana. A súa traxectoria como meteorólogo iniciouse en Meteogalicia, onde permanece ata 2010 que pasa a TVE. É un activo conferenciante sobre temas meteorolóxicos.



Elena Biúrrum Sainz de Rozas

Alcaldesa de Torrelodones entre los años 2011 y 2019, como representante de Vecinos por Torrelodones. Actualmente es directora de gabinete del Ministerio de la Seguridad Social. Abogada de profesión, se considera una activista nacida en el movimiento municipalista. Desde que ella se hizo cargo de la alcaldía de esta ciudad madrileña, reenfocaron la política en relación con la movilidad natural en un municipio que se había ido desarrollando bajo el concepto de ciudad dormitorio, con hábitats de baja densidad, y al que han ido dotando de interesantes infraestructuras peatonales y de calidad del espacio público.




Silvia Casorrán Martos

Responsable da Oficina Metropolitana da Bicicleta de Barcelona (AMB) e coordinadora da Rede de Cidades pola Bicicleta. Especialista nas conexións de grandes cidades coa súa área metropolitana en bicicleta. É cliclista urbana, ambientóloga pola Autónoma de Barcelona, veciña dunha Supermazá de Barcelona. Ahora é conselleira de mobilidade do distrito de Sant Martí. Ten estudiado urbanismo na Universidade de Guadalajara (México) e xeografía da de Utrech.



Izaskun Chinchilla Moreno

Izaskun Chinchilla estudou Arquitectura na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade Politécnica de Madrid. Graduouse en 2001, co premio ao mellor expediente académico da súa promoción e unha matrícula de honra polo seu proxecto final de carreira. Desde entón dirixe o seu propio estudo de arquitectura, con sede en Madrid. As súas investigacións abordan aspectos como a ecoloxía a socioloxía e os modos de vida contemporáneos, aplícase á súa práctica profesional e académica.



O cadro docente proposto

María Ángeles Durán de las Heras

Catedrática de Socioloxía e Profesora de Investigación CSIC. Especializada na análise do traballo non remunerado e a súa relación coa estrutura social e económica. Permanece actualmente vinculada ad honorem no Centro de Ciencias Humanas e Sociais. En 2002 obtivo o Premio Nacional de Investigación en Ciencias Sociais, Económicas e Xurídicas “Pascual Madoz” e en 2018 o Premio Nacional de Socioloxía e Ciencia Política do CIS. Recibiu o nomeamento como Doutora Honoris Causa pola Universidade Autónoma de Madrid (2008), pola Universidade de Valencia (2012) e pola Universidade de Granada (2013).

José María Ezquiaga Domínguez

Doutor Arquitecto, Premio Extraordinario de Doutoramento da Universidade Politécnica de Madrid (1990), Arquitecto pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid (1979) e Licenciado en Socioloxía e Ciencias Políticas pola Universidade Complutense de Madrid (1981). Estivo vinculado á cidade e ao proxecto urbano desde o inicio. Centrou o seu interese na investigación teórica e integración proxectual das diversas escalas, xeográficas e sociais, que conforman o territorio e a cidade. Os seus proxectos foron o medio para a experimentación e investigación sobre o proceso de creación da paisaxe contemporánea.

José Fariña Tojo

Dr. Arquitecto, Licenciado en Dereito, Técnico Urbanista do IEAL e Máster en Organización de Empresas. Catedrático de Universidade. Desde xullo de 2018 Profesor Emérito da Universidade Politécnica de Madrid. Mantén un interesante e activo blog no que comenta, con fins docentes, múltiples detalles sobre urbanismo, paisaxe e territorio. Impartiu docencia en numerosos cursos de posgrao en España, Italia, Francia e varios países latinoamericanos.

Miguel Anxo Fernández Lores

Médico de profesión, é alcalde de Pontevedra desde 1999, etapa na que comezou a transformación da cidade, situando ás persoas como centro de referencia na mobilidade e apostando pola limitación da presenza de coches no espazo público. Debido á dimensión internacional que foi adquirindo o modelo Pontevedra, converteuse nun activo divulgador das mobilidades alternativas en numerosas cidades de Europa e o mundo. A súa capacidade persuasiva é moi valorada polo público. É presidente da Rede de Cidades que Camiñan, que agrupa a uns 60 municipios e a Deputación de Pontevedra.

O cadro docente proposto



José Luis García Delgado

Catedrático de Economía Aplicada desde 1975, ademais de desempeñar a cátedra foi profesor convidado en diversas universidades, e desde 2005 é titular da Cátedra “laCaixa” de Economía e Sociedade. Os seus traballos publicados centráronse no proceso de industrialización da economía española no século XX. É académico da Real Academia de Ciencias Morais e Políticas. É autor da modernización económica na España de Alfonso XIII (2002). Un programa de reforma económica na España do primeiro terzo do século XX (1989).



Jan Gehl

Formado en arquitectura na Real Academia de Belas Artes de Dinamarca, é profesor de planificación urbana na mesma institución. Socio fundador de Gehl Architects xunto con Helle Søholt ata 2011, impulsou o modelo de cidade a escala humana, centrándose na persoa como «unidade de medida» no deseño urbano. Defende a mellora de calidade da vida urbana baseada na recuperación da peonalización e o uso da bicicleta, outorgando especial importancia ao espazo público.




Alfonso Gil Invernón

Tenente de alcalde en Bilbao e presidente da Comisión de Mobilidade da Federación Española de Municipios e Provincias, cargo que lle permite ser un dos principais interlocutores entre os organismos do Estado relacionados coa mobilidade e a seguridade viaria, e a administración local. En Bilbao encárgase da área de mobilidade, que se converteu en referente internacional por ser a primeira cidade maior de 300.000 habitantes en todo o mundo en limitar a velocidade a 30 km/h en todas as súas rúas, sen discriminación por número de carrís. É licenciado en dereito e técnico da administración na Deputación Foral de Bizkaia, ademais de bo saxofonista.



Javier Gómez Noya

Triatleta profesional que reside e adestra en Pontevedra. Foi cinco veces campión mundial, nos anos 2008, 2010, 2013, 2014 e 2015, medalla de prata nos Xogos Olímpicos de Londres 2012, e catro veces campión de Europa, nos anos 2007, 2009, 2012 e 2016. A súa traxectoria está intimamente ligada aos espazos públicos da cidade de Pontevedra, que combinado coa súa ampla experiencia internacional en probas deportivas, permítelle realizar cabais valoracións do espazo público como escenario deportivo.



O cadro docente proposto



Ángel González Calvo

Técnico industrial. Director da empresa de iluminación Setga, de Pontevedra, cun destacado protagonismo internacional como deseñadora, fabricante e instaladora de sistemas de iluminación pública en Europa. É especialista en contaminación lumínica, eficiencia enerxética e sistemas de telexestión do alumeadado. Un dos seus últimos traballos consistiu no proxecto Circadionic, que relaciona a intensidade da luz da vía pública cos ritmos circadianos das persoas durante as distintas etapas do día. Tamén crearon un sistema de balizas especialmente pensadas para peóns que circulan consultando o seu móbil.



Jaime Lerner

Arquitecto, urbanista e político brasileiro. Destaca polo seu labor urbanístico na súa cidade natal, Curitiba, da que foi alcalde en tres ocasións, e por ser gobernador do estado de Paraná en dúas ocasións. Premio Máximo de Medio Ambiente da ONU, así como varios de UNICEF. Considera que "Toda cidade é un axente de transformación" e que "a cidade non é o problema, senón a solución", pois nela "están todas as respostas á solidariedade: vivenda, saúde, atención aos nenos, a mobilidade..." Do mesmo xeito, privilexia o emprego de varios medios de transporte (metro, bus, taxi, bicicleta) coa condición de que non "compitan polo mesmo espazo".




Mercedes Llop Pomares

Consultora en Transportes e Urbanismo desde hai máis de 20 anos, é licenciada en Xeografía pola Autónoma de Madrid e Máster en Intervención, Xestión e Urbanización da Cidade pola Politécnica. É profesora asociada na RJC de Madrid, na Escola de Ciencias Experimentais e Tecnoloxía. Forma do equipo do Grao de Transporte e Loxística da CJC de Madrid. Traballa temas de transporte mobilidade e planificación territorial. Participou en numerosos proxectos de carácter internacional vinculados á planificación nacional e rexional do transporte e a loxística, traballando para institucións multilaterais e bilaterais de desenvolvemento económico.



Rubén Camilo Lois González

Doctor en Geografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, onde é catedrático de Análise Xeográfica Rexional desde 1990. Foi profesor en diversas universidades francesas e noruegas e director xeral de Turismo de Galicia entre 2005 e 2009. Coordina o grupo de Análise Territorial da USC e director da Fundación Centro de Estudos Euro Rexionais.



O cadro docente proposto

Daniel Macenlle Díaz

Director Xeral de Seguridade do Concello de Pontevedra. Foi xefe da Policía Local da cidade e activo membro no grupo de mobilidade infantil do Centro Nacional de Educación Ambiental de Valsaín (Segovia) do Ministerio de Transición Ecolóxica. Licenciado en Dereito, participa habitualmente na divulgación internacional do modelo de cidade de Pontevedra como un dos principais protagonistas da implementación das principais medidas relacionadas coa transformación urbana desta cidade.

Carlos Moreno

Director da cátedra ETI (Emprendemento, Territorio, Innovación) da Universidade da Sorbona e un dos maiores expertos en “ciudades intelixentes”. Coñecido mundialmente como experto do concepto “ciudades vivas”, que desenvolveu. É un ordaor que favorece a creación de vencellos entre actores nacionais e internacionais institucionais, públicos e privados. É asesor da alcaldesa de París e máximo divulgador actual da “cidade dos 15 minutos”.

César Mosquera Lorenzo

É vicepresidente da Deputación de Pontevedra, ademais de matemático e profesor, e concelleiro de infraestruturas da capital provincial. Foi un dos impulsores da transformación urbana pontevedresa nun exemplo internacional de recuperación do espazo público e a adopción dunha estratexia de mobilidade alternativa, de base peonil. O seu traballo político e os enfoques estratéxicos que deseñou deron lugar a conceptos como o de “tráfico necesario”, a organizar un singular sistema de aparcamento de servizos e á forma de xestionar as dinámicas de oposición ao cambio que se foron detectando no proceso.

Zaida Muxí Martínez

Arquitecta e urbanista licenciada na Facultade de Arquitectura, Deseño e Urbanismo, doutora pola ETSA de Sevilla e profesora na de Barcelona. Zaida Muxí Martínez. É codirectora xunto a Josep Maria Montaner do Máster Laboratorio da Vivenda do Século XXI da Universidade Politécnica de Cataluña. Colabora no suplemento Culturas da Vangarda. É coñecida pola súa experiencia en cuestións de espazo e xénero. Ocupou o penúltimo lugar na lista de Ricard Gomà Carmona (ICV) da candidatura en Barcelona para as Eleccións municipais de 2011.

O cadro docente proposto



Pere Navarro Olivella

Director Xeral de Tráfico do Goberno de España entre 2004 e 2012, e de novo a partires de 2018. Navarro é enxeñeiro industrial pola Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais de Barcelona, licenciándose en 1974. Posteriormente obtivo unha diplomatura en Administración de Empresas pola Escola de Administración de Empresas (1975). En 1977 ingresou por oposición no Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social.



Màrius Navazo Lafuente

É xeógrafo e a súa actividade profesional desenvolveuse contorna a ordenación do territorio e a planificación urbana. Traballou tanto deas do ámbito privado como desde a administración pública. Como consultor, elaborou diferentes plans de mobilidade urbana, plans directores de bicicletas e peóns, camiños escolares, deseño de carrís bici, así como tamén asesorou na redacción de textos normativos. Viviu en Inglaterra e os Estados Unidos, onde colaborou no proxecto Massachusetts Accelerated Bridge Program entre os Concellos de Boston e Cambridge. Imparte clases de masters e posgraos en diferentes universidades




Fernando Nebot Beltrán

Enxeñeiro de Camiños e experto en mobilidade. Autor da Guía de Espazos Públicos e Movilidad Amable da Deputación de Pontevedra e de Primeiro a cidade. A mobilidade en Pontevedra 1999-2019, do Concello de Pontevedra. A súa carreira profesional desenvolveuna en distintos aspectos da enxeñería do transporte e da Planificación de infraestruturas e explotación do transporte. Asesor da Administración Central española en temas de planificación de infraestruturas e transporte ferroviario, desde o ano 1991. Foi Consultor das Nacións Unidas



María Purificación Neira González

Médica española, directora do Departamento de Saúde Pública e Medio Ambiente da OMS. María Neira estudou na Universidade de Oviedo e endocrinoloxía en Francia. Exerceu con Médicos sen fronteiras en Centroamérica e máis tarde coa ONU en Mozambique e Ruanda. Ingresou na Organización Mundial da Saúde como directora do departamento de Prevención e Erradicación de Enfermidades Infecciosas. Foi presidenta da Axencia Española de Seguridade Alimentaria.



O cadro docente proposto



Mateus Porto Schenttino

Arquitecto e urbanista pola Universidade de Brasília (2003) e Diploma de Estudos Avanzados no doutorado "Periferias, sustentabilidade e vitalidade urbana", da Politécnica de Madrid (2009). Desenvolve traballos de consultoría e plan urbano relacionado coa mobilidade, especialmente dos modos non motorizados. Colaborou na redacción de diversos PMUS. É coautor dos libros Novas Formas de Acondicionamento Litoral (2009) e A Cidade Paseable (2010). Desde 2008 é profesor no Departamento de Urbanística e Historia da Arquitectura da Escola Superior de Arte e Arquitectura da Universidade Europea de Madrid.



Anxo Queiruga Vila

Conta con experiencia no movemento asociativo do ámbito da discapacidade desde o ano 1984, cando entrou en contacto coa asociación Ámbar da comarca da Barbanza. En 1997 comezou a traballar en COGAMI como persoal técnico de administración e cinco anos despois será o responsable do Servizo de Intermediación Laboral. En 1998 entra a formar parte da xunta directiva como vicepresidente e en 2007 asume a presidencia de COGAMI, cargo que renova no día de hoxe e que compaxina desde fai tres anos coa presidencia de COCEMFE en Madrid e a vicepresidencia do Cermi Estatal.




Marta Román Rivas

Xeógrafa e experta en proxectos de mobilidade infantil, defende a recuperación do espazo da cidade como hábitat onde nenos e nenas poidan crecer, xogar, desenvolverse e aprender a convivir. Traballa como consultora en Gea21. Gran parte da súa experiencia profesional céntrase en como dar voz e espazo a colectivos que habitualmente están infrarrepresentados na toma de decisións sobre a cidade, como infancia, novas ou persoas maiores. Experta en integrar a perspectiva de xénero e xeración no urbanismo, deseñou e dinamizou múltiples procesos participativos vinculados á cidade.



María Rubert de Ventós

Doutora arquitecta pola ETSA de Barcelona. Premio Nacional de Urbanismo de España correspondente a 2004. Entre outras obras é coautora da ampliación do edificio de o Congreso de Deputados en 1994 e realizou o proxecto director para a área olímpica de a Diagonal de Barcelona. En 2011 converteuse na primeira muller catedrática de urbanismo en España. Ademais de dar clase na ETSA de Barcelona, desempeña a súa actividade académica en investigación e docencia no programa de Doutoramento de Urbanismo e no Máster de Paisaxismo da Politécnica de Cataluña. Imparte docencia en Estados Unidos, Chile, Alemaña e Italia.



O cadro docente proposto




Salvador Rueda Palenzuela

Director da Axencia de Ecoloxía Urbana de Barcelona. Licenciado en Ciencias biolóxicas e Psicoloxía pola Universidade de Barcelona, diplomado en Enxeñería ambiental e en Xestión enerxética, especializouse en diferentes aspectos do medio ambiente urbano desde unha perspectiva integral.



Ana Rosa Sánchez Vázquez

Pediatra. Hospital Universitario Torrecárdenas. Almería. Presidenta da Sociedade Española de Pediatría Social, desde donde realiza un amplo labor de estudo e divulgación das circunstancias da infancia en moitos ámbitos relacionados coa saúde. Foi presidenta do Comité Organizador do Congreso da Sociedade Española de Pediatría Social de 2015.




Alfonso Sanz Alduán

Xeógrafo, matemático e Técnico Urbanista. Traballou como consultor en máis de 30 cidades españolas, colaborando na súa planificación urbanística e de mobilidade. Realizou numerosos estudos e informes para a mellora dos modos de transporte non motorizados (peóns e bicicletas) e colectivos (autobuses e ferrocarrís). Entre as súas publicacións destacan: “Cara á reconversión ecolóxica do transporte en España”; “Acougar o tráfico. Pasos para unha nova cultura da mobilidade urbana”, “A bicicleta na cidade” e “Camiñar na cidade. Manual de mobilidade peonil”



Josep Selga Casarramona

Licenciado en Ciencias Biolóxicas, Universidade de Barcelona, 1978. Traballou durante 11 anos como Xefe Arborado de Barcelona. En 1991 asume a xerencia de Técnica Arbórea SL, especializada en servizos de Arboricultura. Impulsa a creación da Asociación Española de Arboricultura e é o seu primeiro presidente. Traballou como asesor técnico no Parque Expo'98 de Lisboa e na Expo Zaragoza 2008. Asesora a moitos concellos de todo o estado.



O cadro docente proposto



Jeff Speck

É un urbanista, escritor e conferenciante estadounidense, director da firma de consultoría e deseño urbano Speck & Associates. É autor ou coautor de varios libros sobre planificación urbana, incluído o seu libro de 2012, *Walkable City: How Downtown Saves America, One Step at a Time*. É un defensor do novo urbanismo e cidades máis "transitables". Licenciado polo Williams College. Máis tarde obtivo unha mestría en historia da arte pola Universidade de Siracusa. En Harvard obtivo a mestría en Arquitectura. É un activo conferenciante e citado libro atópase entre as principais referencias sobre o deseño urbano.



Ole Thorson

Dr. Enxeñeiro de Camiños: Universidades Técnicas de Copenhague e Barcelona, especialista en mobilidade e seguridade viaria. Director de consultoría Enxeñería de Tráfico SL (INTRA) desde 1972. Hai 45 anos que traballan co mobilidade, seguranza e sustentabilidade. Trata de abordar o seu traballo para conseguir un uso racional e equilibrado do espazo público e unha mobilidade que inclúe necesidades máis humanas. Tamén ten en conta as chamadas "xternalidades" dos vehículos a motor, como danos persoais, accidentes de tráfico, as mortes por emisións e ruído...




Francesco Tonucci

Pensador, psicopedagogo e debuxante italiano tamén coñecido polo pseudónimo «Frato». Traballou como mestre e como investigador no Instituto Psicológico do Consello Nacional de Investigación, do que máis tarde presidiu o Departamento de Psicopedagogía. As súas investigacións céntranse no desenvolvemento cognitivo dos nenos, o seu pensamento, o seu comportamento e a súa relación coa metodoloxía educativa. En 1991 funda no seu pobo natal o proxecto de Ciudad dos Nenos, unha cidade con perspectiva infantil. O proxecto tivo moito éxito e estendeuse a distintos puntos do mundo. É un recoñecido e inspirador conferenciante en todo o mundo.



Isabela Velázquez Valoria

Arquitecta urbanista e consultora en proxectos de urbanismo sostible, planificación territorial e deseño de proxectos urbanos. Especialista en organización de procesos participativos complexos. Realizou estudos, informes e avaliación de proxectos para a CE, a OCDE e Habitat-Nacións Unidas. Combina a actividade profesional cunha ampla actividade como conferenciante e formadora. Membro da dirección da Web Cidades para un Futuro máis Sostible. Activa no debate sobre Xénero e Urbanismo. Entre as súas publicacións, "Criterios de Sustentabilidade aplicables ao plan urbano" (2003) e "Urbanismo, vivenda e medio ambiente desde unha perspectiva de xénero" (2003).



O curso sobre Espazo Público 2021

- Está composto por **12 seminarios** de 3 horas e 20 minutos cada un, agrupados en **4 módulos temáticos**.
- Terá lugar **entre abril e novembro** de 2021, en venres alternos, agás nos meses de xullo e agosto.
- Vai dirixido a persoal **técnico e político**, con prioridade ás persoas vencelladas aos municipios da Rede Ágora.
- Os seminarios terán lugar en formato **on-line** debido á situación sanitaria, pero barállase a celebración de visitas técnicas.
- A **inscripción** é gratuita para as persoas ao servizo dos concellos da Rede Ágora. O prezo para o resto das persoas é de 400 euros.
- As persoas de perfil técnico que realicen o curso disporán dun **título propio**, de **Técnico Ágora**. As que non estean interesadas, un **certificado de asistencia**.



 FACULTADE AGORA 2021

 CONCELLOS
AGORA
POLO ESPAZO PÚBLICO

 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA